

EXPTE: 2023/A002/000003

ASUNTO: CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE AXUDAS Á ESCOLARIDADE PARA O CURSO ESCOLAR 2023-2024 (SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO).

TRAMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Logo de ver a proposta da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar asinada en data 23 de abril de 2024, que se transcribe a continuación:

"EXPEDIENTE: 2023/A002/000003

ASUNTO: CONVOCATORIA EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE AXUDAS Á ESCOLARIDADE PARA O CURSO ESCOLAR 2023-2024 (SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO)

TRAMITE: PROPOSTA DE RESOLUCIÓN "LISTAXE CONCESIÓN DEFINITIVA"

ANTECEDENTES

Logo de ver as solicitudes presentadas ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso 2023/2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO).

Logo de ver a Acta de valoración efectuada pola Comisión Avaliadora reunida en data 19/03/2024, no que en aplicación dos requisitos e criterios de valoración establecidos nas Bases Reguladoras de Concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso escolar 2023-2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO) publicadas no BOP da provincia da Coruña núm. 237, do xoves 14 de decembro de 2023, se concreta o resultado da avaliación das solicitudes para formular esta proposta de Resolución.

Logo de ver a Resolución de Alcaldía 168/2024 do 9/04/24, pola que se aproba a listaxe provisional de concesións e denegacións das subvencións solicitadas ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso 2023/2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO).

Logo de ver a alegación presentada por dona T.C.C en data 17/04/24 co rexistro de entrada 569, pola non constancia na valoración da solicitude presentada ao seu nome con data 21/12/23 (rex. de entrada 202399900001082); revisado o procedemento e emendado o erro.

Logo de ver a Acta 2 de valoración efectuada pola Comisión Avaliadora reunida en data 18/04/2024, no que en aplicación dos requisitos e criterios de valoración establecidos nas Bases Reguladoras de Concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso escolar 2023-2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO) se estima a alegación presentada por T.C.C. e se procede á valoración do seu expediente.

FUNDAMENTOS

Bases Reguladoras de concesión en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso escolar 2023/2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO), publicadas no BOP da provincia da Coruña núm. 237, do xoves 14 de decembro de 2023, e extracto da convocatoria publicada no BOP da Provincia da Coruña núm. 240 de 19 de decembro de 2023.

Esta Concellaría **PROPÓN** á Alcaldía a adopción do seguinte Resolución:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a concesión das seguintes subvencións solicitadas ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso 2023/2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO), que se detalla a continuación:

NÚMERO	IDENTIFICACIÓN	PUNTA CIÓN	CONTÍA CONCESIÓN
2024/A003/000002	***9741**	7	100,00€
2024/A003/000003	***4071**	6	100,00€
2024/A003/000004	***4747**	6	100,00€
2024/A003/000005	***7117**	6	200,00€
2024/A003/000007	***9780**	4,5	100,00€
2024/A003/000008	***9286**	6,5	200,00€
2024/A003/000009	***7586**	6,5	200,00€

2024/A003/000010	***7497**	7	100,00€
2024/A003/000012	***0181**	3	100,00€
2024/A003/000015	***3834**	2,5	100,00€
2024/A003/000017	***2928**	7	100,00€
2024/A003/000018	***3294**	9	100,00€
2024/A003/000019	***3838**	3	200,00€
2024/A003/000021	***4541**	3	200,00€

Segundo.- Denegar definitivamente polos motivos que a continuación se indican as seguintes solicitudes:

NÚMERO	IDENTIFICACIÓN	MOTIVO DENEGACIÓN
2024/A003/000001	***8530**	Incumpre art 2.4
2024/A003/000006	***9847**	Incumpre art 2.4
2024/A003/000011	***7649**	Incumpre art 2.4
2024/A003/000013	***8639**	Incumpre art 5.f
2024/A003/000014	***8394**	Incumpre art 2.4
2024/A003/000016	***1557**	Incumpre art 2.4

Terceiro.- Dispoñer o gasto por importe de 1.900,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000.

Cuarto.- Proceder á publicación da resolución definitiva nos termos establecidos nas bases reguladoras.

Quinto.- Darlle traslado ao Departamento de Servizos Sociais e a Tesourería.

Asinado dixitalmente, na data que figura na marxe, pola concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e Relacións Veciñais, Teresa Batalla Romero."

Considerando que corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía efectuada mediante Resolución núm. 401/2023 de 27/07/2023 (BOP núm. 147 do 03/08/2023), así como o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, relativo á avogación de competencias delegadas.

Considerando a urxencia de ditar a presente resolución, tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no artigo 21.1 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro. Avogar a competencia da Xunta de Goberno Local en base ao artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Segundo. Aprobar definitivamente a concesión das solicitudes ao abeiro da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso 2023/2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO).

Terceiro. Denegar definitivamente as solicitudes que non cumpren os requisitos da convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de axudas á escolaridade para o curso 2023/2024 (segundo ciclo de educación infantil, primaria e ESO).

Cuarto. Dispoñer o gasto por importe de 1.900,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 326.48000.

Quinto. Dar conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)

Tfno: 981 802 062

info@dodro.gal

www.dodro.gal

*Dodro, documento asinado dixitalmente.
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora que da fe*